

O BIBLOS DA GALIZA EN CASTELAO

Por HENRIQUE CHAO ESPINA

PRESENTAZÓN

Castelao é un apremido, un acalcado de terra e de humanidade galega. Acalcado que se espalla en raiolas por toda a súa vida e a súa obra.

Na vida do artista de Rianxo latexa todo o vivir das xentes da Galicia como autores, e a terra como esceario. Deste xeito a biografía de Castelao parece unha coleuzón de novelas, cada unha delas diferente: novela picaresca, de emigrante, de político..., de xentes de todas crases, nas que nin faltan os mortos para facer historia.

Porque Castelao, alén de ser dibuxante, pintor e escritor, que son os seus tíduos máis coñecidos, ten outro polifacetismo que non debemos esquecer.

Pódese estudar ao noso rianxeiro como antropólogo, e nos aspectos sociocultural e psicocultural. Alén disto, cultivóu os xéneros dramático e narrativo. Romántico e costumbrista afondóu na vida do pobo escoitando contos, lendas e decires para facelos rexurdir nos seus inmorrentes libros.

Doutra banda, non debemos esquecernos daquilo que pouco cultivóu, como foi a música para a cal tiña afeizón, ou a menciña da que non gostaba. Debe estudarse a Castelao no conxunto sin deixar anaco.

Por iso, como médico, non podemos esquecer que foi tan desinteresado que de seguir os vieiros da menciña non podería vivir da súa profesión. Por iso lle chamaban: o médico dos probes, o médico filántropo.

Alén de todo isto, Castelao foi político. Un político ao que se lle poderán discutir acertos ou desacertos segundo a ideoloxía do leutor. Pero ninguén e ningures lle poderá negar que foi un político honrado, que loitou hastra o sacrificio por canto cuidou ser o mellor para a súa Terra. Un home que non quixo medrar endexamáis da política, pois ista non era para ele un fin sinón un meio para defender os seus ideais. Con razón dixo J. A. Díaz de Castelao: "Es nada más, y nada menos, que la figura de mayor entidad que se generó en Galicia para propia alta cultura galaica, cultura que es mucho más desconocida de lo que se merece".

Unha recolleita da vida e labours de Castelao, alén da bibliografía encol do mesmo, sería unha verdadeira Enciclopedia da Galiza. Ista obra ben podería chamarse en grego JO BIBLOS, ou sexa o LIBRO, o noso libro, o libro da Galiza. Chamáramoslle o mesmo que os cristiáns chamamos *Biblia* os nosos libros; ou os musulmáns: AL KORÁN o seu.

Niste Libro, por antonomasia, non somente se axuntarían os sesenta e catro anos que viviu (1886-1950) sinón tamén: *A raice da raza; o fundo da nosa i-alma e a pel externa da terra galega*.

Deixando outros moitos aspectos, vexamos sinxelamente os tres apuntados:

I. DENDE A RAICE DA RAZA.

Para coñecer os riscos somáticos dos galegos, o mellor estudo está na obra de Castelao. Os seus dibuxos están arringados da canteira viva da Galiza. Ele a coñecía ben, pois non só foi galego sinón que se mergullou no seu pobo, para estudar a entranca.

Non meteu o bisturí do médico ou do ciruxano no corpo da Galiza, pero fixo anatomía ata a raice da raza con o lápiz. E non somente co lápiz sinón tamén coa pruma escribindo e dibuxando. Os dibuxos de Castelao falan de xeito moi desomellante do que nos amosa unha pila de osos prehistóricos.

Un oso do paleolítico pode decirnos moito da súa vedrañeza, dos parentexos e quizaves da súa orixe. Pero a Etnografía, a Paleantropoloxía e as súas ciencias auxiliares, tan ademirábiles, non sempre chegan ao recuncho dos problemas.

Porén ben pode a Etnografía bicar a Castelao como dibuxante esgrevio da raza da Galiza. Menéndez Pelayo falando das no-

velas de Pereda, dixo que nelas estaban “los músculos y la sangre”. Podemos segurar que nos dibuxos do noso rianxeiro non somente están os osos e o sangue; nele están os homes ergueitos, vivos e falan. Son como si o artista collese a célula e dela fixe homes. Son como si do ovo rexurdise o polo.

Podemos, pois, preguntarnos: ¿Non serán os dibuxos e caricaturas de Castelao a primeira raice para coñecer a nosa raza galega?

II. EN CASTELAO ESTÁ O FUNDO DA NOSA IALMA.

A ialma dun pobo ten moitas azas. Quizaves a primeira sexa a lingua, por aquilo que dixo Séneca: “Imago hominis sermo est; talis vir, talis oratio”.

Castelao nos seus comezos cuidou que o galego era un probe dialeuto. Evaristo Martelo fixolle ver que *falar galego non é falar mal, é falar diferente*. Dende entón, foi Castelao o máis grande mestre, pregoeiro e defensor da nosa formosa e doce lingua. Niste senso afondou na ialma da Galiza.

De dous xeitos nos amosra canto quer dicir: Primeiro emprega o dibuxo que todos entenden ata no arte rupestre. Dempois fai falar os seus dibuxos e caricaturas con a linguaxen escrita. Deste xeito falou nos beizos da nosa ialma, espallando canto dela quixo en voltas de roda e aos catro ventos. A ialma da Galiza abréuse en azas de probes que preguntaban ás portas si tiñan esterco; de probes que pedían esmola, ranqueantes ou cegos, cangados con sacos e zanfoñas. Alma da Galiza dos señoritos, dos noxentos caciques e dos cregos que coñecía dende os seus anos de neno en que fora monaguillo.

Alma da Galiza emigrante, que callou no corazón do noso rianxeiro porque ele tamén emigróu, o mesmo que seu pai, e teño que engadir: como emigróu o meu... Pero, ¿quén poderá contar toda ista xente dos seus dibuxos? Nestes a ialma galega móvese e rebule, fala e rifa, chora e rí como nun esceario.

Por riba deste esceario, o arnal artista érguese no seu taboado para amosrar á terra asoballada, as miserias e as inxustizas, non somente da banda de afora senón tamén da banda de adentro. Non berra xusticieiro como o barudo Cantor do Ponteceso, pero emprega outras maneiras. Un dos seus amigos dixo dele: “Más que pintor parece guerrero o peregrino, o uno de esos va-

gabundos místicos o pillos" (José Francés). Podemos engadir que moitas veces loita sinxelo e mansamente, outras semella fuxir, mas sempre fai como a chuva gota tras gota abrindo regos. Cavando con un humor que chora rindo dentro dos osos. Niste senso díxose na Arxentina: "Las figuras y leyendas de Castelao no adquieren la sonrisa sino como anticipo del sollozo".

Toda a ialma da Galiza latexa nos vivos e na campa: Dos xartelos rexurden os esgrevios galegos en retratos, entre istos non fallan os seus.

III. EN CASTELAO ESTÁ A PELE DA TERRA.

Castelao fixo a súa primeira esposición en Madrid o ano 1908; despois espuxo, quince anos máis tarde, en Santiago. Dende entón ata que deixou no prelo a súa obra encol das *Cruces de pedra na Galiza*, amostrou sempre na arte a nosa xente e a nosa terra por dentro e por fora: entranas e pele. Non veu impregnado o seu derradeiro libro das *Cruces de pedra na Galiza*, finou en 1950.

En toda a obra de Castelao está Galiza asentada como sobor unha fresqueira, verde e arnela mazán raineta. Alén da pintura érguense nas campías dos dibuxos, os nosos eidos con as súas casas e os seus hórreos e freguesías con as súas igrexas e cruceiros. Os nosos mares de ledicia e de dor, por onde se vai o maruxo e o emigrante e... tamén por onde volta... ¡cando pode voltar!

Non sempre está nun primeiro prano a codia da Galiza, con os seus vales e montañas, con os seus mares e ríos, pero endexa-máis falta iste esceario. Porque como istes cadros da paisaxe os leva nos miolos da ialma, aínda que lles día para atrás, de cote nadan na tona e non amargullan.

Vede eiquí como unha recolleita da bio-bibliografía de Castelao sería o mellor Libro da Galiza, o noso JO BIBLOS por antonomasia.